



Ref: petición 59/2017

A nosa ref: GMSF/14/2018-12-14

Informe sobre diversos aspectos relativos ao Grupo Mineiro San Finx incluídos na petición 57/2017, presentada por Ismael Antonio López Pérez ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo, e que a dita comisión solicita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Director Xeral de Enerxía e Minas solicita o 14/12/2018 informe sobre diferentes aspectos, que logo se detallarán, todos eles relativos ao coñecido como Grupo Mineiro San Finx suscitados no marco da petición 57/2017 efectuada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo, realizada por Ismael Antonio López Pérez. Esta petición non acompaña á documentación recibida.

O informado debe trasladarse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para sustentar a resposta ao solicitado pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo.

1. Antecedentes.

O coñecido como Grupo Mineiro San Finx está constituído polas concesións de explotación “Phoenicia”, núm. 124, “La Pilara”, núm. 127, “Spes”, núm. 253, “Pilara II”, núm. 335, “Phoenicia II”, núm. 336, “Ampliación”, núm. 586, “Demasia a Phoenicia”, núm. 607, “Ampliación a Phoenicia”, núm. 783, “Demasia a Phoenicia”, núm. 1038, “La Impertinente”, núm. 1092, “Phoenicia III”, núm. 1207, “Demasia a Ampliación”, núm. 1217, “Demasia a La Pilara”, núm. 1218, “Demasia a Phoenicia II”, núm. 1219, “Demasia a La Impertinente”, núm. 1240, “Demasia a Phoenicia III”, núm. 1241, “Pilarica”, núm. 1323, “Flafita”, núm. 1461, “Ernesto”, núm. 1529, “Susana”, núm. 1687, “Glandarela”, núm. 6091. Todas estas concesións de explotación permanecen vixentes na data actual.

Dentro do conxunto de concesións de explotación que conforman o grupo mineiro San Finx se desenvolve a coñecida como mina de San Finx. Esta mina ten os seus antecedentes históricos en época fenicia. O outorgamento das concesións de explotación máis antigas data do ano 1884. A mina de San Finx chegou a desenvolver no século XX ata oito plantas de explotación sobrepostas (máis de douscentos metros de profundidade), cunha notable lonxitude de galerías e de pozos, tanto de extracción como de ventilación. A mina tamén desenvolveu unha importante explotación a ceo aberto. Na fotografía aérea do voo americano (serie A) de 1945-1946 (consultable na páxina web do *Instituto Geográfico Nacional*) pódese observar a extensión en superficie acadada polas labores superficiais de aproveitamento do afloramento en superficie dos filóns do xacemento neses anos 1945-1946. Semella que nesa época foi a súa máxima extensión superficial.

En función de diversas circunstancias, entre elas cambios de ciclo do mercado do tungsteno, estas concesións pasaron a partir de 1990 por distintos niveis de actividade.





O 30/12/2008 se autorizou a transmisión das concesións de explotación que conforman o grupo mineiro San Finx da *Comunidade de herdeiros de Gabriel Pérez Fernández* a favor de *Incremento Grupo Inversor, SL*.

Dificultades societarias de carácter económico causaron que *Incremento Grupo Inversor, SL*, entrara nun proceso concursal, o concurso de acredores seguido ante o Xulgado do Mercantil número 2 da Coruña co número de autos 315/2013-M. Este proceso rematou coa súa liquidación e coa previa adjudicación polo administrador concursal en poxa notarial dos dereitos integrantes do Grupo Mineiro San Finx a favor de *Tungsten San Finx, SL*. A compra-venda dos dereitos mineiros foi elevada a escritura pública de data 17/06/2015. A transmisión da titularidade destas concesións de explotación, xa unicamente de natureza administrativa, foi autorizada o 27/07/2015, coa subrogación expresa do novo titular aos proxectos autorizados.

2. Cuestións sobre a vixencia das concesións e a “reapertura”.

Segundo a lexislación mineira, as transmisións da titularidade non afectan ao período concesional, polo que a vixencia das concesións de explotación segue a ser a orixinal. As concesións de explotación que conforman o coñecido como Grupo Mineiro San Finx están vixentes actualmente.

A explotación nunca foi tecnicamente clausurada nin abandonada. Polo tanto non se pode aplicar o concepto de “reapertura”, concepto que por outra banda non emprega a lexislación mineira, pois tras o peche ou caducidade dunha concesión de explotación só procedería o outorgamento dun dereito mineiro novo.

En función da situación do mercado, a explotación estivo en determinados momentos en suspensión temporal de actividade. Este tipo de suspensión está previsto na lexislación mineira como consecuencia de diversas causas, entre elas a falta de mercado. En ningún caso implica o peche da explotación, senón a suspensión dos traballos de explotación manténdose en todo caso os de conservación e vixilancia.

As transmisións de titularidade supoñen a subrogación do novo titular na explotación existente, manténdose esta nos mesmos termos.

3. O proxecto aprobado pola Resolución do 28/12/2009.

Trala Resolución do 30/12/2008, de transmisión dos dereitos mineiros que integran o grupo mineiro San Finx a favor de *Incremento Grupo Inversor, SL*, o novo titular presentou un Proxecto de Explotación e un Plan de Restauración o 16/03/2009.

O Proxecto de Explotación contén, tras os epígrafes xerais, un apartado sobre “reservas”, seguido do “**plan xeral de explotación**”, que inclúe apartados sobre o ritmo de produción, o método de explotación, a infraestrutura xeral, o sostemento, a maquinaria e instalacións, e man de obra, e outro epígrafe sobre “**instalacións de exterior**”, tanto referido ás instalacións auxiliares da minaría de interior como á planta de tratamento, seguido de “**seguranza e saúde**” e “**presuposto**”.





O proxecto contempla expresamente a explotación a partir das infraestruturas existentes, sen desenvolvemento de novas zonas de explotación. Os accesos non requiren tampouco de novas realizacións. As instalacións de exterior descritas no proxecto constitúen adecuacións das existentes ou se implantan nos edificios existentes. O proxecto se fundamenta no uso do método tradicional de explotación empregado en San Finx.

O Plan de Restauración contempla, tralos epígrafes xerais, a descrición do proxecto, a súa caracterización, datos xerais, situación xeográfica, descrición da situación preoperacional (tanto o medio físico como o medio económico), o plan de restauración propiamente dito (descrición do obxecto da restauración, usos futuros, traballos propostos, e medicións), programa de vixilancia ambiental, seguridade e saúde, e presuposto. Está orientado á restauración para uso forestal.

Destácase o reprocesamento dos materiais da escombreira, que serían aproveitados como subprodutos, áridos para o seu emprego na construción. Este reprocesamento e desmantelamento paulatino da escombreira xa se ten producido parcialmente, supoñendo un indiscutible valor engadido na redución da repercusión ambiental da explotación.

O proxecto de explotación aprobado o 28/12/2009 permitiu actualizar o plan de explotación do grupo mineiro e dispor dun documento técnico único que cumpre cos parámetros dos proxectos de explotación tal e como estes documentos se entenden actualmente, unificando a documentación técnica da explotación conformada ao longo dos anos dende o outorgamento das concesións.

Pero este proxecto de explotación aprobado o 28/12/2009 non contemplou a modificación do método de explotación, nin dos sistemas empregados, nin incremento da afección superficial da explotación mineira, nin modificación substancial dos procesos nin das instalacións utilizadas, só a súa adecuación para o uso actual. Tampouco se tratou dun documento que permitira acceder ao exercizo dunha actividade, non ampara o outorgamento da concesión de explotación. É un proxecto de explotación que ten carácter de refundición das actuacións desenvolvidas durante anos, que non é manifestación dunha nova forma de proceder. Contempla a actividade nos mesmos termos nos que xa se viña desenvolvendo, con meras adaptacións funcionais, e polo tanto non se trataba dunha actividade que requirira dunha autorización administrativa nova, esa autorización segue sendo o outorgamento de cada unha das concesións de explotación.

4. Sobre a avaliación ambiental do proxecto.

Enfocado en sentido contrario, non se pode esquecer que o explotador é titular dun conxunto de concesións de explotación vixentes, e que na normativa de avaliación ambiental de proxectos, antes e agora, a obriga de avaliación ambiental xérase coa solicitude para exercer unha actividade, ou coa súa modificación substancial, pero non co cambio de titularidade dunha actividade existente, nin coa refundición nun texto único da documentación técnica elaborada ao longo dos anos que define a explotación.

A consecuencia do indicado constitúe a xustificación de que non se remitira o proxecto de explotación ao órgano ambiental para a súa avaliación: o Real Decreto Lexislativo 1/2008 non contén ningunha cláusula de aplicación retroactiva a actividades que xa estiveran desenvolvéndose.





5. Outros casos de proxectos non sometidos a avaliación ambiental.

Este criterio exposto no epígrafe anterior pode contrastarse co caso do Grupo Mineiro Santa Comba, dunha elevadísima similitude. O Grupo Mineiro Santa Comba é unha explotación mineira tamén subterránea, tamén de wolframio, tamén moi antiga (anos 40 do século pasado), tamén adquirida por *Incremento Grupo Inversor, SL*, de forma coetánea coa súa adquisición da mina de San Finx, tamén adxudicada a outra empresa na liquidación de *Incremento Grupo Inversor, SL*. Así mesmo foi presentado un Proxecto de Explotación e un Plan de Restauración trala adquisición por *Incremento Grupo Inversor, SL*, que supuxo unha refundición e actualización da documentación técnica existente, sen implicar nova afección superficial nin modificación substancial da actividade. Enviado o proxecto, durante a súa tramitación, ao órgano administrativo competente en materia de avaliación ambiental de proxectos, non considerou procedente sometelo ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.

Hai numerosos casos similares, como os seguintes:

- Informe do 06/07/1999 do Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
- Informe do 23/11/2011 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
- Informe do 26/05/2015 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Neles se fai alusión a que os proxectos remitidos para avaliación non supoñen unha alteración substancial da superficie explotada, tratándose de explotacións existentes (autorizadas con anterioridade á esixencia de avaliación pola lexislación ambiental), polo que non procede a dita avaliación.

6. Queixas sobre posible contaminación ambiental presentadas por Ismael Antonio López Pérez.

O 14/03/2016 Ismael Antonio López Pérez presentou, en representación da *Asociación Autónoma Ambiental Petón do Lobo*, unha denuncia sobre diversos aspectos ambientais: o impacto das escombresiras na paisaxe, presenza de balsas de lixiviado, presenza de lodos en diversos lugares, vertido de augas ácidas con metais pesados, contaminación de acuíferos, a ocupación de monte veciñal polo titular da concesión mineira, e a existencia de dúas presas de formigón situadas no leito do río augas abaixo da mina de San Finx e sobre a contaminación dos materiais que conteñen.

Efectuouse unha inspección o 05/04/2016, e elaborouse un informe ao respecto, que foi enviado a Augas de Galicia e ao titular, xunto coa denuncia. Estas actuacións foron comunicadas á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Entre as consideracións e conclusións do informe cabe destacar, en relación co solicitado:

- As presas non foron construídas co propósito de formar parte do proceso mineralúrxico. Probablemente foron construídas con propósito hidroeléctrico. A titularidade e a responsabilidade sobre estas obras hidráulicas debe resolvela o organismo de conca, sen prexuízo de que os materiais acumulados polas presas teñan relación coa actividade mineira.





- Na denuncia se citan diversos problemas de quimismo das augas, e ningún deles puido seren comprobado.
- Na denuncia se efectúa unha gran cantidade de valoracións distanciadas da realidade, con apreciacións tanto das escombeiras como da xestión das augas que non se corresponden co estado da explotación.

Na Coruña, o enxeñeiro de minas Rafael Recuna Carrasco.

(asinado electrónicamente)

